

**Área: Competicións**

**Circular nº 17 - Temp. 20/21**

**COMPETENCIAS DO COLECTIVO ARBITRAL E DOS RESPONSABLES PROTOCOLO  
FISICOVID DXT- GALEGO FGBm NAS COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS 20/21 DURANTE  
A COMPETICIÓN**

Despois da reunión celebrada onte (martes 13 de Xaneiro de 2021) entre coordinadores/as de protocolo dos diferentes clubs, dende a Federación Galega de Balonmán aclaramos as seguintes cuestións:

- Na Asemblea Extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2020 aprobáronse entre outras as seguintes propostas:
  - *Será obriga de todos os estamentos dependentes da Federación Galega de Balonmán (árbitros/as, clubs e xogadores/as) o cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO aprobado pola Secretaría Xeral Para o Deporte.*
  - *Habilitar ao Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán para a aplicación do Regulamento de Réxime Disciplinario no respectivo ao cumprimento de todas as medidas excepcionais aprobadas nesta asemblea e ao protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega de Balonmán.*

Aínda que as regras do xogo non foron modificadas para que o incumprimento do protocolo sexa sancionado deportivamente polo colectivo arbitral no momento da infracción, si aclaramos o seguinte:

1. É responsabilidade de todos/as os participantes na competición federada o cumprimento dos protocolos que condicionen a celebración da actividade, tal e coma asumen no trámite da súa licenza ao comezo da tempada.
2. Tal e coma reflicte o protocolo da FGBm, os/as responsables de protocolo son os encargados e responsables de garantir o cumprimento do mesmo dentro do seu club en todas as actividades nas que participe, ben porque están presentes en todas elas ou ben porque informaron e organizaron a outras persoas do club para que velen para que se respecten todas as medidas anticovid propostas pola FGBm.

3. Os/as coordinadores de protocolo dos diferentes clubs (sexan locatarios ou visitantes) son a máxima autoridade (dentro do ámbito federado) para detectar, identificar e solucionar as incidencias que se poidan dar con respecto ao incumprimento das medidas indicadas no protocolo FISICOVID; no caso de ser visitantes recoméndase actuar sempre a través do coordinador/a de protocolo local; en caso de que as incidencias se produzan dentro do 40x20, deben informar aos colexiados (si é posible sen interromper o xogo), en caso de que non fagan caso deberán informar á FGBm relatando os feitos: [info@fgbalonman.com](mailto:info@fgbalonman.com).
4. Os/as membros/as do colectivo arbitral da FGBm son representantes da federación que deben velar polo cumprimento do protocolo, tendo en conta estas premisas claras:
  - ✓ Non deben permitir o incumprimento de ningunha medida dentro do 40x20; é dicir, se algún deportista, técnico/a non ten a máscara debidamente colocada e non respecta as medidas indicadas poderán parar o encontro e pedir que o/a infractor/a abandone o mesmo; neste caso debemos informar á/ao responsable de protocolo ou á/ao delegado/a de campo e posteriormente facer figurar en acta os feitos; no caso de non solucionarse a incidencia podería suspenderse o encontro.
  - ✓ No caso de detectar incidencias fóra do 40x20 deberán comunicarllo á/ao responsable de protocolo do club locatario ou Delegado de Campo, de non atopar solución, deberá comunicar os feitos á FGBm: [info@fgbalonman.com](mailto:info@fgbalonman.com) e realizar a denuncia na acta do encontro.

**IMPORTANTE:** O cumprimento do protocolo é responsabilidade de todos/as, está por enriba das regras de xogo, non debe ser motivo de enfrontamentos e moito menos de represalias por parte de ninguén; por favor, apliquemos o sentido común e sumemos: cando alguén traslade unha incidencia, sexa quen sexa, debe facelo dende o respecto e co afán de colaborar; e cando alguén impón unha medida establecida nun protocolo non o fai por gusto, así que agora máis que nunca é o momento de dialogar e sumar, non debería ser necesario regulamentar algo que é de sentido común.

Unha vez máis insistimos en que a FGBm será implacable co incumprimento do protocolo, pero non se trata de sancionar, se non de cumprir coas medidas.

En Vigo a 13 de Xaneiro de 2021